


## Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



## Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repoboación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **tritución de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**

Modelo silvícola PS1

Piñeiro silvestre *Pinus sylvestris* L.



**Piñeiro silvestre**

*Pinus sylvestris* L.

MODELO SILVÍCOLA PS1

Produción multifuncional.  
Madeira de serra e chapa

## 1 PREPARACIÓN DO TERREO

- Subsolado mecanizado
- Aburatado mecanizado
- Aburatado manual (zonas de mecanización difícil)

## 2 PLANTACIÓN

- **Densidade de plantación inicial:** de 1.100 e 1.600 pés/ha.
- **Marco da plantación:** 3 metros entre plantas e 3,5 metros entre liñas.

## 3 MANTEMENTOS

- **Primeiro ano:** reposición de marras e roza total.
- Posible mantemento con gando, con roza previa da matogueira cando sexa necesario, cargas de 0,2 vacas ou 0,3 cabalos/ha.



### MODELO SILVÍCOLA PS1

**ESPECIE:** *Pinus sylvestris* L., aplicable a formacións mixtas con outros piñeiros ou frondosas autóctonas

**OBXECTIVO:** produción multifuncional. Madeira de serra e chapa. 250 pés/ha de calidade en corta final.

**DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN:** todos os distritos forestais das provincias de Lugo e de Ourense e os distritos XVI e XVII de Pontevedra

## 4 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:**
  - Poda baixa (2,5-3 m): sobre a totalidade dos pés presentes cando o diámetro sexa de 10 cm.
  - Poda alta (5,5-6 m): cando o diámetro acade os 18 cm sobre árbores de porvir de máis de 12 m, 300-400 pés/ha.
- **Desmestas:** aos 15-30 anos realizaranse unha ou dúas desmestas ata unha densidade de 750-900 pés/ha.  
Aproveitamento ou trituración dos restos.
- **Rareas:**
  - Entre os 30 e os 50 anos: rareas cada 5-8 anos.
  - Entre os 50 e os 80 anos: rareas cada 8-10 anos ata acadar 250 pés/ha de calidade.
  - Consideración dos efectos protectores e da produción de cogomelos para a regulación das rareas.
  - Recoméndase respectar arborado de frondosas autóctonas.

## 5 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** aos 60-100 anos, dependendo da calidade de estación.
- **Método de corta:** corta a feito ou a feito en dous tempos, por rareo sucesivo ou mesmo cortas por entresaca en montes protectores.